

O CALENDARIO CELTA E O DÍA FORESTAL MUNDIAL

SARA GONZÁLEZ CRESPO
CONSTANTINO ARMESTO

En Iberia, as invasións de cartagineses e romanos saldáronse con grandes superficies deforestadas; pero os danos extremos débense á Reconquista, oito séculos de guerras entre cristiáns e musulmáns causaron a desaparición de millóns de árbores. Por que? A talla do bosque evitaba lugares propicios para as emboscadas. Os musulmáns foron expulsados de España no ano 1492, con todo, catro séculos despois, no ano 1904, escribe Azorín: “Como se podrá desarraigar de nuestro pueblo este odio centenario, inconsciente, feroz, contra el árbol”, “No hay arboleda ninguna en estas huertas, ni en la villa... antes cortan los árboles que hay”, “aquellas gentes aborrecen los árboles”. No século XXI, aínda teñen vixencia estas palabras en España? Que sucede no mundo?

ESCENARIO FORESTAL GLOBAL ^{1 2}

Dous datos aparentemente contradictorios, axúdannos a acoutar o problema. Aínda que é certo que durante o últimos dez anos, a superficie forestal queimada superou as cen mil hectáreas anuais de media en España e as quince mil hectáreas anuais de media en Galicia; tamén o é que durante os últimos anos, trinta e cinco países europeos entre os que se atopa España, rexistraron un aumento neto da superficie forestal de vinte e un millóns e medio de hectáreas. Notamos, nos datos que proporciona a FAO, que, nos últimos anos, a superficie forestal ha aumentado na rexión tépeda, producíronse poucos cambios na rexión boreal, e existírouse unha perda de sete millóns de hectáreas anuais de bosques tropicais, durante o período 2000-2010. Facendo un balance global das ganancias e perdas rexionais advertimos que o planeta perdeu o tres e unha décima por cento (cento vinte e nove millóns de hectáreas) da superficie forestal no período

¹ FAO, Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura: “2016. El estado de los bosques en el mundo”. <http://www.fao.org/3/a-i5588s.pdf>

² FAO, Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura: “Evaluación de los recursos forestales mundiales 2015”. <http://www.fao.org/3/a-i4808s.pdf>

1990-2015, ata quedar por baixo dos catro mil millóns de hectáreas, que cobren ao redor do trinta por cento da superficie terrestre. En conclusión, os bosques do planeta empeoran, aínda que nalgunhas rexións -Europa, entre elas- melloran.

A causa? Antrópica: segundo os informes da FAO mencionados, a agricultura segue sendo o principal motor da deforestación mundial. A agricultura comercial a gran escala causa aproximadamente o corenta por cento da deforestación; a agricultura de subsistencia local, o trinta e tres; as infraestruturas, o dez; a expansión urbana, o dez; e a minería, o sete por cento.

ANTECEDENTES HISTÓRICOS

Desde a máis remota antigüidade os agricultores utilizaron o lume como ferramenta, tanto para gañar terreo ao monte como para eliminar os restos das colleitas; tamén os gandeiros aprenderon da propia natureza que as matogueiras e os pastos pódense queimar para rexernalos. O lume, repetido no transcurso dos tempos, cambia a paisaxe, elimina o bosque, e convérteo en matogueira e pasteiros. Máis aló do Rin e do Danubio, onde hoxe existen campos de cereais, Xullo César só contemplaba bosques; bosques desaparecidos, porque os queimaron os nosos antepasados. Máis preto de nós, a finais do século XIX e na primeira metade do XX, en España queimáronse miles de hectáreas de sabinares, caxigais e aciñeirais. Non se librou Sudamérica da vesania humana, en Chile, a mediados do século XIX, acondicionáronse terreos sureños para colonos alemáns mediante o lume: un deles, durante tres ininterrompidos meses, queimou duascentas mil hectáreas de bosque natural.

O lume como arma de guerra nos países ribeiregos do Mare Nostrum, foi un dos principais axentes de deforestación. Pasou o tempo en que tanto Sicilia como o norte de África eran os celeiros de Roma: a explotación abusiva do solo destruíu a súa fertilidade. E non miremos por encima do ombreiro aos bárbaros do pasado: durante a Guerra de Independencia de Alxeria -terminou no ano 1962- os contendentes queimaron un millón de hectáreas de piñeirais mediante accións bélicas. Aínda temos máis próximas no tempo a guerra do Líbano e a de Iugoslavia: durante elas, bosques e persoas foron vítimas, outra vez, da insania humana.

PRESENTE

Todos os humanos contribuímos á deforestación, uns no pasado, outros no presente. Ata finais do século XIX a máxima deforestación rexistrouse nas rexións de clima tépedo, pero no século XX e XXI as rexións de clima tropical superáronas. Cada ano, trescentos cincuenta millóns de hectáreas, ao redor do nove por cento da superficie forestal total, sofre danos por incendios de áreas silvestres (inclúe sabana, matogueiras e pasteiros). Os informes da FAO aludidos estiman que, polo menos o oitenta por cento dos incendios son ocasionados polo home, e nalgunhas rexións ata o noventa e nove por cento. En España dispoñemos de datos non estimativos, senón precisos: comprobouse que, polo menos, o sesenta por cento son intencionados, probablemente sexan máis.

As consecuencias dos incendios ou da deforestación non por coñecidas son menos daniñas: o solo, sen cuberta vexetal, erosiónase; os encoros son útiles durante menos tempo, porque se enchen do lodo; desperdiciase madeira -da que España é deficitaria-; e non é desdeñable o que tamén se perdan lugares de recreo.

A pesar do valor ecolóxico, económico e social dos bosques, a deforestación prosegue en todo o mundo a un ritmo alarmante: destrúense cada ano millóns de hectáreas forestais. Trátase dunha insustentable situación tanto para as persoas como para o planeta.

UTILIDADE DOS BOSQUES

A vivenda, o combustible, a alimentación e os ingresos dun de cada cinco humanos -incluídos máis de dous mil pobos indíxenas- dependen dos bosques. Os bosques proporcionan aire limpo, auga -tres cuartas partes da auga doce proveñen das concas forestais-, enerxía renovable -a madeira-, conservan os solos -evitan os desprendementos de terras e a erosión-, estabilizan o clima -secuestran carbono do aire-, regulan os fluxos de auga -reducen os danos causados polos tsunamis no caso dos manglares-, e proporcionan un hábitat para os polinizadores e depredadores naturais das pragas agrícolas.

O día forestal mundial dedicouse, nos tres últimos anos -2015, 2016 e 2017-, a lembrar a influencia dos bosques no cambio climático, na auga e na enerxía. O cambio climático e os bosques están intimamente ligados. Os cambios no clima afectan os bosques porque aumentan as temperaturas medias anuais, modifícanse as pautas pluviais e preséntanse cada vez con máis frecuencia fenómenos meteorolóxicos extremos. A influencia é mutua: os bosques do planeta e os seus solos reducen o quecemento do planeta e mitigan o cambio climático porque atrapan e almacenan dióxido de carbono, máis dun billón de toneladas, o dobre da cantidade de carbono que hai na atmosfera; á fin e ao cabo son os principais depósitos de carbono despois dos océanos. A destrución ou incendio dos bosques libera á atmosfera uns seis mil millóns de toneladas de dióxido de carbono ao ano; a sexta parte das emisións antrópicas de dióxido de carbono débese á deforestación e ao cambio no uso da terra.

A seguridade hídrica de oito de cada dez humanos está ameazada, entre outros factores pola maior incidencia dos fenómenos meteorolóxicos extremos -como as secas e inundacións- ocasionados polo cambio climático. Os bosques interveñen de diversas formas na subministración e a regulación da auga, desde recargar os acuíferos, a promover a choiva por evapotranspiración. As concas hidrográficas boscosas e os humidais achegan ao redor de tres cuartas partes dos recursos de auga doce do planeta, e máis dun terzo das maiores concentracións urbanas do mundo dependen de bosques para o seu abastecemento de auga.

As árbores tamén contribúen ao aforro enerxético: a colocación estratéxica de árbores nas zonas urbanas pode arrefriar o aire entre dous e oito graos. Na actualidade, ao redor da metade da produción mundial de madeira utilízase como fonte de enerxía, tres de cada dez humanos poden cociñar e quentar os seus fogares grazas aos combustibles provenientes dos bosques (dendrocombustibles); a madeira proporciona o corenta e cinco por cento da enerxía renovable (máis que a xerada polo Sol, a auga ou o vento).

CALENDARIO CELTA

Comodamente instalados nas cidades, distanciados da natureza, ignoramos o moito que se está degradando o medio ambiente e o moito que a nosa conduta contribúe a iso. Talvez algúns dos nosos paisanos contemporáneos terían que reflexionar sobre a súa actitude: uns ignoran ata os cambios anuais que suceden nela, outros a agriden, esquilman e préndenlle lume.

Non sempre foi así aquí. Os celtas, antepasados nosos, eran pobos oriúndos de Europa central que veneraban aos bosques e adoraban ás árbores, necesarias para a súa vida cotiá. Non foron os únicos: os humanos sempre sentiron unha poderosa atracción polos bosques, se cadra porque instintivamente se lembran das súas orixes. Vellas supersticións como “tocar madeira”, para evitar as catástrofes, testemuñan o poder máxico que as xentes supersticiosas lles atribúen ás árbores. Aínda que en ningures se conservan lembranzas das cerimonias máxicas que os druídas celebraban nas carballeiras, persiste o seu calendario ligado ao bosque: dividían un ano en trece


meses, o tempo que vai dunha lúa chea á seguinte; e identificábano co nome da árbore –ou vexetal- que florecía ou fructificaba durante esa tempada.

A celebración mundial do día dos bosques o primeiro día da primavera -o vinte e un de marzo- bríndanos a oportunidade de valorar a importancia dos bosques e árbores, e de celebrar as diferentes maneiras en que nos manteñen e protexen; gustaríanos que o recordo deste perdido calendario celta contribuíse a iso.

Mes do bidueiro

(24 decembro - 20 xaneiro).

Hai dez mil anos, e durante milenios, os bidueiros cubriron Europa; o bidueiro é unha xeitosa árbore branca que utilizaron os celtas dabondo: cosían a cortiza como se fose coiro, moldeában-na para facer as cántaras e as canoas e dela extraían un aceite que repele aos insectos; tamén usaban a médula para facer unha cola coa que pegaban as machadas. Na primavera esmagaban as partes tenras para facer pan e co zume fermentado obtiñan hidromel co que se embebedaban.



Mes da sorbeira

21 xaneiro - 17 febreiro).

É unha arboriña ornamental de flores brancas que dan un saboroso mel. Os seus froitos conteñen, ademais de moita vitamina C, un azucre que poden tomar os diabéticos en vez do prohibido azucre da cana.



Mes do freixo

(18 febreiro - 17 marzo).

Esta fermosa árbore medra rapidamente nos vales húmidos, ten moitas pólas e obséquianos con flores moi olorosas. Os supersticiosos usaron os seus froitos, e tamén o allo, a cebola e o piorno como amuletos contra os maleficios.



Mes do ameneiro

(18 marzo - 14 abril).

Esta árbore atópase nas beiras dos ríos e regueiros; plántase porque consolida as marxes e prevé os desbordamentos. Coa súa madeira fanse zocos, barricas, chancas, pratos e cuncas e, no pasado, tamén os eixos dos carros.



Mes do salgueiro

(15 abril - 12 maio).

Insectos e persoas deberían amar os salgueiros, uns porque se alimentan del, e outras porque contén unha substancia semellante á aspirina que usaron como menciña contra o paludismo e a reúma. Non esquecemos que as vimbias das cestas córtanse destas árbores.



Mes do espiño

(13 maio - 9 xuño).

Este arbusto ten gran valor ecolóxico porque moitos paxaros se alimentan dos seus froitos. Cheira tan ben que a súa fragancia chegouse a asociar co sexo, e a súa flor considerouse a flor dos amantes; incluso se cría que arrincalo daba mala sorte. Segundo os evanxeos, de espiño era a coroa que levaba Xesús cando foi crucificado.



Mes do carballo (10 xuño - 7 xullo).

Os bosques galegos eran carballeiras hai sete mil anos. O carballo é unha árbore de longa vida, que crece lentamente e ten unha madeira dura e resistente á descomposición; resulta necesario para o mantemento da vida salvaxe pola cantidade de animais que viven sobre el. Forma bugallos, unhas pequenas esferas causadas polos insectos que un profano toma por froitos; confundindo as landras – que tamén alimentan aos porcos- cos bugallos, o refraneiro popular considera que o carballo proporciona catro colleitas ao ano.



Mes do acivro

(8 xullo - 4 agosto).

É unha árbore pequena, de follas que pican e bagas velenosas. Está protexida pola lei porque dá alimento e acubillo a moitos animais do bosque, un deles, se cadra o máis fermoso, é a pita do monte. As pólas do acivro, que hoxe se empregan como aderezo no nadal, antes da era cristiá usábanse para arredar aos malos espíritos; quizais por iso se plantaban preto das casas para protexelas dos raios.

**Mes da abeleira**

(5 agosto - 1 setembro).

É unha árbore supostamente encantada coa que se fan as “variñas máxicas” que empregan as imaxinarias e graciosas fadas. Coa súa dura madeira constrúense bos bastóns, e ademais produce as exquisitas abelás que degustamos nas sobremesas, nos pasteis e nos xelados.

**Mes da vide**

(2 setembro - 29 setembro).

O patriarca bíblico Noé descubriu que a uva fermentada producía unha bebida moi saborosa chamada viño; os licores, o vinagre e as pasas son algúns dos gustosos produtos que se extraen das uvas. A cultura mediterránea está moi ligada ao viño, malia que está prohibido pola relixión musulmá que practican moitos habitantes da rexión.

**Mes da hedra**

(30 setembro - 27 outubro).

Esta planta medra polos troncos das árbores, enriba dos penedos ou polos frontes das casas e, cando florece, atópase plagada de insectos, como ben saben os habitantes desas mansións. Os labregos da idade media utilizaban a hedra como forraxe para alimentar o gando.



Mes do carrizo

(28 outubro - 24 novembro).

Esta cana impresionou aos celtas no outono, cando o bosque está cheo de cogumelos. Na actualidade podemos ver os carrizos na ría de Noia, nas xunqueiras de Betanzos ou preto das misteriosas torres medievais de Catoira que defenderon a Santiago dos viquingos.



Mes do sabugueiro

(25 novembro - 22 decembro).

Este arbusto pódese visitar para ver os estornións ou oír o canto dos merlos porque as súas bagas son unha larpeirada para estes paxaros. Os humanos utilizaron os seus froitos para preparar unha apócema como remedio para a tose.

Aos celtas faltáballes o noso 23 de decembro que quizais na actualidade podería converterse no día da oliveira: en tempos revoltos nunca está de máis recordar un símbolo da paz.

